



Proposicións non de lei aprobadas polo Pleno do Parlamento de Galicia o 11 de abril de 2012

4.3 08/PNP-1633 (78521)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Barros Sánchez, Natalia

Sobre o impulso da creación dunha comisión de traballo na que participen a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para coordinar os procedementos de tramitación administrativa dos establecementos turísticos suxeitos á Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 650, do 29.02.2012

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a promover a creación dunha comisión de traballo participada polo centro directivo en materia de turismo da Xunta de Galicia e a Fegamp, para impulsar a coordinación dos procedementos de tramitación administrativa dos establecementos de servizos turísticos, suxeitos á Lei 7/2011, do turismo de Galicia, contando co sector".

4.5 08/PNP-1680 (79594)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez González, Román, e seis deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para apoiar a investigación no sistema universitario de Galicia



**Publicación da iniciativa, BOPG núm. 666, do
27.03.2012**

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta a, de acordo co previsto no Plan I2C, intensificar o apoio á investigación no sistema universitario de Galicia (SUG) a partir dunha estratexia de potenciación da investigación aplicada e coa redirección das achegas á carreira científica e ao financiamento aos grupos e ás infraestruturas de investigación universitaria, e a intensificar a transferencia e valorización do coñecemento á sociedade galega.

Planificaranse actuacións específicas dirixidas a colectivos de investigadores de moi alto nivel, campus de excelencia internacional e centros de referencia de investigación, e potenciaranse as relacións de colaboración co tecido empresarial.

Estimularase a fortaleza dos principais grupos de referencia en investigación do sistema universitario de Galicia a partir de criterios e indicadores axustados a cada área de coñecemento que permitan unha clasificación, de tal xeito que no futuro se poidan modular as axudas en función do nivel de cada grupo".

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2012